

Poderíamos encher a bacía do Miño con toda a tinta que se ten empregado nas recollas de todo aquilo que temos en común co norte de Portugal, unha cultura única que pervive con resiliencia o pasar do tempo, a pesar do empeño atarefado de cadanseu Estado por nos pór de costas.

Mais pouco se ten escrito do que nos mostra esta exposición: un territorio no que se desenlean os límites do aquí e do alén, no que os conxuros e os feitizos son o pan de cada día, onde existen persoas capaces de comunicarse cos mortos e as aparicións son mesmo unha realidade que abre pasaxes a outras dimensións. Serras ateigadas de meigas que atesouran a sabedoría dos rituais contra o mal ollar e as posesións, curandeiras espalladas polas aldeas, leiras con amuletos, facenda con reliquias, devesas nas encrucilladas para os exorcismos e vagoadas que albergan sacrificios.

Joan Alvado traballa sobre conceptos ligados á espiritualidade ancestral da cultura galego-portuguesa. As súas fotografías, cunha atmósfera onírica, debullan as prácticas de ritos e crenzas que aínda perviven nas serras da Raia, como a da Peneda, estrada de aldeas nas que se vive nunha intensa conexión coa contorna. Xentes que sempre habitaron unha total inmersión co natural, sen distraccións do isolacionismo citadino, o que lles permite unha interacción co medio e dálles unha comprensión do mundo completamente antagónica á vida urbana.

«Os batismos da meia noite» é un documental ficionado que, a través dunha gramática documental clásica -que denota as prácticas fotográficas do autor-, fía unha narrativa evocadora que pon imaxes ao intanxible da tradición e da memoria das terras arraianas do Alto Minho. A exposición complétase con obxectos que o autor foi adquirindo no seu percurso polo territorio, con fotografías captadas con dispositivos automáticos no monte e cadernos con conxuros e responsos escritos polas persoas herdeiras destes saberes atáxicos.

A exposición foi deseñada de forma que a espectadora ou espectador se adentre neste mundo devagar. A través de diferentes niveis de profundidade, que comezan coa presentación do territorio, seguido dunha intensa deambulación, rematamos a experiencia expositiva no tronso das imaxes máis simbólicas.

Esta obra trae á tona antigas ciencias en perigo de extinción e demostra a pervivencia dunha cosmovisión espiritual única. Un legado que desaparece, transmitido a través das xeracións, aquí, onde as forzas da luz e da escuridade, libran unha batalla desde tempos inmemoriais.

Vítor Nieves. Curador

Joan Alvado

Altea, Alacant. 1979.

Fotógrafo afincado en Barcelona desde 2005. O seu traballo baséase no uso da imaxinación como ferramenta para reinterpretar o territorio e transcender a representación documental.

Parte da súa obra reside en coleccións públicas e privadas da Alemaña, Estados Unidos, Portugal, Francia e España. Expuxo en espazos como o Palau de la Virreïna (Barcelona), Fototeca de Cuba (A Habana), o Marion Center for Photographic Arts (San Diego, EUA), Museo de Fotografía da Fundación Antonio Pérez (Cuenca), Circulations Festival (París), o Instituto Cervantes de Belgrado ou a Fundación Michael Horbach, en Köln. Os seus proxectos foron publicados en medios internacionais como Newsweek, CNN, The Washington Post, El País, Der Spiegel, The Guardian, Liberation, Fisheye, Burn Magazine, Leica Fotografie International (LFI) ou La Repubblica, entre outros.

En 2021, Alvado foi convidado, polo estudio de Land art FAR021.3 e o concello de Arcos de Valdevez, para realizar unha residencia artística no norte de Portugal. «Os Batismos da Meia-noite» é o proxecto resultante e polo que é nomeado Premio Galicia de Fotografía Contemporánea na súa décima edición.

Está representado polas galerías de arte Marisa Marimón (Ourense) e Adorna (O Porto, Portugal).

Premio Galicia de Fotografía Contemporánea

Desde 2013.

O Premio Galicia de Fotografía Contemporánea chega á décima edición. É organizado cada ano pola Asociación OF-Outono Fotográfico co patrocinio da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

«Os Batismos da Meia-noite» de Joan Alvado foi o proxecto seleccionado nesta X edición na que se recibiron a través da convocatoria aberta máis 100 traballos enviados fundamentalmente desde diferentes países europeos e suramericanos.

O xurado estivo composto por Amaia Roldán, responsable de Cuarto Pexigo (Santiago de Compostela); Rui Prata, director do festival internacional Imago Lisboa e curador; Xabier Fernández, fotógrafo e cofundador de Copias de Autor; e os coordinadores do Premio, Xosé Lois Vázquez, presidente da Asociación OF-Outono Fotográfico, editor e fotógrafo e o curador Vitor Nieves. Por parte das institucións patrocinadoras, Encarna Lago, Xerente da Rede Museística de Lugo (representando á Vicepresidencia da Deputación de Lugo) e Eva Torres, Directora Técnica de Espazos Expositivos e Áreas Museísticas do Concello de Ourense (en representación da Xunta de Galicia). Exerceu como secretario Pablo G. Prieto.